

## **AER denuncia que o Goberno de Javier Bas está mantendo reunións con Fomento e AUDASA ás costas da Comisión de seguimento das obras da AP-9**



A paisaxe nas beiras da AP-9 comeza amosar unha realidade desoladora para a veciñanza afectada: casas sen xanelas, tellados sen tellas e unhas obras que avanza en silencio; ocultas na escuridade pero achegándose ao seu obxectivo final. **O concello de Redondela está sendo vítima dun proxecto do Ministerio de Fomento, que carece da reposición dos servizos públicos das parroquias afectadas e dun mapa de ocupación temporal de vías “nacionais”, municipais e de entradas ás rúas.** Suponse que a veciñanza debería estar tranquila e informada en todo momento dos pasos a dar polas construtoras a través da comisión de seguimento das obras, da cal o Alcalde de Redondela é presidente. Desgraciadamente, atopámonos con outra comisión baixo a responsabilidade de Javier Bas estancada porque non se sente cómodo nela, nin el nin o Ministerio, xa que se formulan preguntas que non están dispostos a contestar porque as respostas crearían máis alarma social nas parroquias afectadas. A derradeira vez que se reuniu a comisión de seguimento da AP-9 con Fomento e Audasa na mesa, foi en novembro do pasado ano. Dende AER xa se pediu en varias ocasións que se convocara a comisión, para tratar temas de importancia que non poden esperar a que as máquinas invadan os barrios. A resposta do Alcalde foi que Fomento e AUDASA non lle contestan para asistir.

Dende AER xa estamos fartos deste xogo de “trileiros” ao que acostuma xogar Javier Bas. Non convoca a comisión para que as malas novas non as dean outros e así intentar, colar pouco a pouco os cortes que vai haber na estrada nacional e que causarán retencións aos condutores e obrigarán á xente a facer rodeos ou padecer esperas en semáforos de obra para entrar aos barrios e servizos públicos; a lentitude do traslado do colexio Igrexa; o aceso a praia de Cabanas; a subida ao Mourinho; a reforma ridícula da ponte de Trasmañó; un transformador eléctrico pegado a vivendas, que os seus propietarios non saben que van a ter ese agasallo cortesía de Fomento; novas expropiacións; o traslado de Correos; ruídos e molestias no centro de saúde; o retranqueo do muro do instituto; traballos nocturnos si ou si; e un longo etc.

Pois en troques de tratar estes temas en conxunto con todos os membros da comisión, representantes da cidadanía e informar a toda a veciñanza afectada, **Javier Bas leva dende principios de ano tendo reunións con Fomento e Audasa, ás que só invita de cando en vez á Asociación de Afectados da AP-9, deixando fóra e nun segundo plano ao resto de asociacións** presentes na comisión. Reunións nas que se están preparando e cocendo as reposicións de forma unilateral. Parece que volven ao Concello os tratos que tiña por costume o Goberno de Xaime Rei, “Tan só vou as xuntanzas con quen me interesa e non me dá moitos problemas”.

Esta semana, e xa por segunda ou terceira vez, o goberno local, acompañado pola consultora contratada e a Asociación de Afectados da AP-9, mantivo reunión coa UTE e Audasa para tratar o corte dun carril da estrada nacional e parte dos accesos ao Instituto, Multiusos e igrexa parroquial durante meses, e dar por aprobadas case definitivamente as reposicións da Estrada do Torreiro, Rúa Pasán. Ademais de que o

Concello será quen negocie as novas expropiacións e Audasa tan só se limitará a estender un talón, ¿que pasará se algún propietario se nega a vender?. Xuntanza que non se realiza en comisión nin baixo acta, reunión á que nin sequera se invita á AAVV de Chapela. **Para AER estas formas de xestionar este problema que está a ter o goberno local son excluíntes, unilaterais e antidemocráticas. Ademais de favorecer máis a división asociativa que padece a parroquia de Chapela. Actitudes das que Javier Bas e o máximo responsable e algún día o tempo demostrará o dano que está a facer á veciñanza, coa súa maneira de traballar e actuando de palmeiro do Ministerio de Fomento.**

Redondela, a 25 de maio do 2016.